



## **AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR - CEIP PLURILINGÜE OS TILOS**

Comunicámoslles que **está aberto o prazo** para participar no fondo solidario de libros de texto (3º e 4º de primaria), axudas para a adquisición de libros de texto (1º e 2º de primaria) e material escolar en toda a educación primaria.

O alumnado que se matricule en 5º e 6º (E-DIXGAL) no curso 2019/20 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto . Non obstante, terá dereito á axuda para adquirir material escolar, así como ás establecidas nas disposicións adicionais primeira e segunda, se reúne os requisitos establecidos na orde.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por **vía electrónica** nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O formulario (anexo I) tamén estará dispoñible:

- No portal educativo, enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- Nas dependencias das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación.
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Nas dependencias do CEIP Plurilingüe Os Tilos.

### **As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:**

- a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en **31 de decembro de 2017**, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
  - 1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
  - 2º. Certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela.
  - 3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- e) Certificado de discapacidade recoñecido por un órgano que **non pertenza** a Xunta de Galicia.
- f) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.

Cando a documentación se presente no centro docente, achegaranse **AS FOTOCOPIAS E OS ORIXINAIS.**

**Prazo de presentación de solicitudes: do 21 de maio ao 21 de xuño.**

Toda a información sobre **a documentación a presentar**, requisitos de renda e outros en:

<http://www.edu.xunta.gal>

<https://sede.xunta.gal/portada> (procedimento ED330B)

NORMATIVA: ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir material escolar (DOG do 20 de maio de 2019).